

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26 DE OUTUBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 44 DE DATA 19 DE OUTUBRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 44/2015 de 19 de outubro de 2015, da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para galpón para usos agrícolas-forestais na parcela con referencia catastral 36024A255000380000YP, sita en Xar, Barcia, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data



Secretaría Xeral

14/10/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 521,71 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

4.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a colocación de tella cerámica en cuberta de vivenda e pintado de chemineas e aleiro na vivenda sita na rúa 2, nº 15, Prado, Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 19/10/15 por importe de de 79,20 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- INFORMES PREVIOS.

5.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 22 de outubro de 2015 en relación á petición formulada por **Augas de Galicia para autorización das obras de reconstrución dun muro de defensa na zona de servidume do río Arnego.**

5.2.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 22 de outubro de 2015, en relación á petición formulada por **Augas de Galicia para a concesión dun caudal de auga, procedente dun manancial, no lugar de Santiso do Fondo.**

5.3.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal, de data 22 de outubro de 2015, en relación á petición formulada por **Augas de Galicia para modificación da concesión outorgada o 20/01/11 para uso doméstico no lugar de Abonxo – Val do Carrio – Lalín.**

6.- INFORMES URBANÍSTICOS.

6.1.- Acordouse aprobar o informe de data 5/03/2015, emitido polo Inspector xefe de obras e servizos en relación a solicitude de certificación acreditativa de non existir infracción urbanística na vivenda de referencia catastral 36024A061006380001SA, sita en Delaparte, nº 47 - Goiás – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención



Secretaría Xeral

Municipal de data 20/03/12 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación de non infracción urbanística.

6.2.- Acordouse aprobar o informe **técnico municipal de data 21/10/15** en relación a unha nave con referencia catastral 9708701NH6290N0001QK no polígono industrial de Botos, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 22/10/2015 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

7.- EXECUCIÓN DE SENTENZA.

7.1.- INFORME XURÍDICO RELATIVO Á EXECUCIÓN DA SENTENZA N. 144/2012 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO N. 2 DE PONTEVEDRA, RESPECTO DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE ALPERIZ, 22-PARADA -LALÍN (exps. 6122/11 e 12/06/U).


Acordouse estimar certas alegacións ao expediente e desestimar outras, e en execución da sentenza 144/2012, de data 30/05/12, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo n. 2 de Pontevedra, ordenar a demolición das obras obxecto do procedemento de reposición da legalidade urbanística no prazo dun mes, a contar a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación deste acordo.

8.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 23 de outubro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de **40.493,25 euros**.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse aprobar a concesión de unha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 152,18 euros e outra por importe de 145,17 euros.



9.2.- Acordouse proceder á devolución do importe de 15,00 euros correspondentes á liquidación do prezo público pola utilización do servizo de préstamo de bicicletas do Concello de Lalín, a interesada.

9.3.- Acordouse conceder o posto e aprobación de dúas altas e liquidación para 4 días do 2015 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

9.4.- Acordouse conceder o posto e aprobación de alta e liquidación para 4 días do 2015 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

9.5.- Acordouse **desestimar a reclamación** presentada por interesada, de anulación do recibo de pago do Prezo Público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín correspondentes á mensualidade de outubro por importe de 48,50 €.

9.6.- Acordouse aprobar a modificación das obras “Parque infantil no xardín botánico” e “Obras de acondicionamento das Rondas Norte e Este” e destinar o seu importe, por razóns de urxencia e interese municipal á “**REHABILITACIÓN E SINALIZACION DA RONDA NORTE-ESTE DE LALÍN**”, acolléndose ás Bases Reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, solicitando as subvencións e axudas que figuran no expediente de solicitude, Aprobar a Memoria/Proxecto, retribucións e demais documentación do expediente da obra: “*Rehabilitación e sinalización da Ronda Norte-este de Lalín*”, e solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 299.300,00 € con cargo ao Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2015.

9.7.- Acordouse admitir a documentación presentada por varios beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para as festas parroquiais e actividades culturais e educativas para o ano 2015* , aprobar as contas xustificativas presentadas e recoñecer a obriga ao seu favor polos importes da subvención concedida.

10.- ASUNTOS XUDICIAIS.



Secretaría Xeral

10.1.- Dáse conta da Sentenza 004103/15 do Xulgado do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

11.- CORRECCIÓN DE ERROS.

11.1.- Acordouse corrixir varios erros detectados no PCAO e PPT do expediente de contratación denominado **“SERVIZOS DE TELEFONÍA E INTERNET DO CONCELLO DE LALÍN “LOTE 1: Servizos de telefonía fixa e internet. LOTE 2: Servizos de telefonía móbil: voz e datos,** aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de outubro de 2015, e publicar as correccións no BOP e no perfil do contratante ampliando o prazo de presentación de ofertas en 15 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

12.1.- Dáse conta do escrito remitido pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Secretaría Xeral de Cultura-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural,** co que achegan copia da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se autoriza a unha arqueóloga para a realización dun control arqueolóxico das obras de acondicionamento da Vía da Prata na provincia de Pontevedra.


12.2.- Acordouse autorizar a consulta dun expediente a interesado, debendo solicitar a obtención de copias de documentos puntuais do expediente.

12.3.- Acordouse aceptar a cesión en propiedade dun equipamento de emerxencias propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia a favor do Concello de Lalín e incorporalo ó Inventario de Bens.

12.4.- Acordouse autorizar a celebración dunha charla informativa sobre o programa de garantía xuvenil, dirixido a mozas e mozos entre 16 e 29 anos que terá lugar o mércores día 28 de outubro de 2015, as 13:00 horas na Aula CEMIT de Lalín.

12.5.- Dáse conta do escrito remitido pola **UNED de Pontevedra de data 19 de outubro de 2015, número de rexistro de entrada 7101,** co que achega acordo da Xunta Rectora do Padroado do Centro Asociado da UNED de Pontevedra referente á solicitude deste Concello de Lalín de resolución do Convenio asinado entre o Centro e o Concello de Lalín de data 28 de xuño de 2007, con efectos de 13 de outubro de 2015.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

12.6.- Autorízase ao **GRUPO VAG GALICIA** o uso dun espazo público do Polígono Industrial Lalín 2000, para celebrar a concentración dun pequeno grupo de coches o domingo 15 de novembro de 2015. O horario sería todo o día.

=====

